



**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

# BANDO

Francisco Charlín Oróns, 1º tenente de alcalde do Concello de Laxe (A Coruña) en *substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe.*

Poño en coñecemento da veciñanza que:

Con data 25 de decembro de 2023 convocáronse as ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO DE GALICIA que terán lugar o 18 DE FEBREIRO DE 2024.

Faise público que nas oficinas xerais deste concello estará **exposto ó público o CENSO ELECTORAL correspondente a este concello** (en aplicación informática) para que as persoas interesadas o consulten, **dende 1 ó 8 de xaneiro de 2024, ámbolos dous inclusive, en horario de 09:00 h a 13:30 h** e realicen as reclamacións oportunas, para o que deberán presentar calquera destes documentos: DNI, pasaporte ou permiso de conducir, no que apareza a fotografía da persoa titular.

As consultas deberán ser formuladas polas propias persoas interesadas, previa identificación.

É importante que se comproben os datos no dito censo, sobre todo para aquelas persoas que recentemente cumpriron os 18 anos e as que cambiaron de enderezo recentemente.

Para maior información, existen os seguintes número de teléfono de consulta da Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral:

(gratuíto) 900 343 232

981 217 439

Laxe, *documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe*